



## **A TODOS OS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA**

**Segundo a Resolución do 10 de setembro de 2024 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa (DOG 18/09/2024) pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos Consellos Escolares de Centros docentes sostidos por fondos públicos. Procederáse nos meses de outubro e novembro á renovación parcial (Decreto 7/1999 do 7 de xaneiro).**

Segundo o Artigo 2º da citada Resolución a **elección dos representantes** dos distintos sectores da comunidade educativa no Consello Escolar celebrarase **entre o 18 e 22 de novembro**, ambos os dous incluídos.

A **Xunta Electoral** regulada no artigo 30 do Decreto 92/1988 do 28 de abril e segundo a nova redacción dada polo Decreto 324/1996 do 26 de xullo **constituirase**, segundo a Resolución do 10 de setembro **entre os días 22 e 28** de outubro de 2024.

Segundo o referido artigo 30 do Decreto 92/1988 do 28 de abril e a nova redacción do Decreto 324/1996 do 26 de xullo **procederáse á elección dos membros da Xunta Electoral por sorteo público o vindeiro día 18 de outubro ás 12:10 horas na Sala de mestres do Centro.**

Unha vez constituída a Xunta Electoral segundo o artigo 31 do Decreto 92/1998 do 28 de abril e a nova redacción do Decreto 324/1996 do 26 de xullo, procederá a aprobar e publicar os Censos Electorais, concretará o calendario electoral, ordenará o proceso, admitirá e proclamará as candidaturas, promoverá a constitución das distintas mesas electorais, resolverá as reclamacións e proclamará aos candidatos.

**O Consello Escolar do Centro é o órgano a través do cal participan na xestión do mesmo os distintos membros da comunidade escolar.**

**Animámoslos a que presenten as súas candidaturas.**

**Participen na vida da Escola para desta maneira contribuír a un mellor funcionamento da mesma.**

Prado 04 de outubro de 2024

A Directora